

XEFATURA DO ESTADO

9289 *LEI ORGÁNICA 3/2006, do 26 de maio, de reforma da Lei orgánica 5/2001, do 13 de decembro, complementaria da Lei xeral de estabilidade orzamentaria. («BOE» 126, do 27-5-2006.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

A Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria, está acompañada da Lei orgánica 5/2001, do 13 de decembro, complementaria daquela.

A Lei orgánica 5/2001, do 13 de decembro, ten por obxecto establecer mecanismos de coordinación entre a Facenda pública estatal e as das comunidades autónomas en materia orzamentaria, como prevé o artigo 156.1 da Constitución, e complementa a Lei 18/2001, xeral de estabilidade orzamentaria, instrumentándose nunha norma autónoma ao revestir, a diferenza daquela, o carácter de lei orgánica.

É por iso polo que a Lei 15/2006, de reforma da Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria, debe ir acompañada, en paralelo, dunha norma con rango de lei orgánica que modifique a Lei orgánica 5/2001, do 13 de decembro, complementaria daquela.

Como sucede coas leis reformadas, a interpretación e aplicación de ambas as leis de reforma deberase producir sempre de forma unitaria, ao seren as dúas normas instrumentos ao servizo de idénticos obxectivos de política económica.

I

A existencia de regras fiscais que normen o comportamento dos responsables políticos contribúe a mellorar as expectativas dos axentes económicos e incentiva unha asignación do gasto público máis eficiente.

No marco desta necesaria racionalización normativa, España dotouse dunha lexislación específica destinada a garantir a disciplina fiscal mediante a Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria, e a Lei orgánica 5/2001, do 13 de decembro, complementaria daquela.

Estes instrumentos mostráronse eficaces en determinados aspectos; porén, noutros aspectos, a experiencia da súa aplicación puxo de manifesto insuficiencias das leis de estabilidade que exixen a súa modificación para adaptalas á realidade dun Estado descentralizado en que concorren varias administracións e ás exixencias da política económica.

O primeiro elemento que é necesario reformar é o mecanismo de interacción entre as distintas administracións para asegurar o respecto das leis de estabilidade á autonomía financeira das comunidades autónomas.

O compromiso coa estabilidade orzamentaria é un ben colectivo beneficioso para o conxunto dos cidadáns que só se pode lograr se conta coa implicación de todos os responsables da Facenda pública, tanto no ámbito estatal coma no autonómico e local. Os recursos de inconstitucionalidade que varias comunidades autónomas interpuxeron ante o Tribunal Constitucional contra as leis de estabilidade revelan, a reserva do xuízo que, en último termo, emita o intérprete supremo da nosa Carta

Magna, que as leis vixentes non conseguiron concitar o apoio necesario das administracións para que os seus fins sexan alcanzables.

É por iso polo que esta reforma introduce un novo mecanismo para a determinación do obxectivo de estabilidade das administracións públicas territoriais e os seus respectivos sectores públicos, apoiado no diálogo e a negociación. Así, o obxectivo de estabilidade de cada comunidade autónoma acordarase co Ministerio de Economía e Facenda tras unha negociación bilateral, sen prexuízo de que, en última instancia, sexa ás Cortes xerais e ao Goberno aos que lles corresponda adoptar as decisións esenciais sobre a política económica, conforme o disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución. O novo mecanismo reúne, por tanto, o respecto á autonomía financeira cos obxectivos de política económica xeral.

É tamén pola necesidade de potenciar os principios constitucionais de solidariedade, cooperación, coordinación e lealdade recíproca entre as distintas entidades territoriais, polo que se reforza o papel do Consello de Política Fiscal e Financeira das comunidades autónomas como órgano de coordinación multilateral entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas.

II

O segundo elemento que cómpre reformar é a regulación das obrigas de subministración de información para desenvolver con maior decisión o principio de transparencia.

Aínda que a Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria, que se reforma, enuncia o principio de transparencia, a súa aplicación concreta non se recollía expresamente, co cal a aplicación do principio foi nalgúns casos deficiente.

A transparencia na execución e liquidación dos orzamentos públicos é un requisito imprescindible para que os beneficios que se esperan da existencia de regras fiscais claras e precisas teñan efectos positivos sobre a actividade económica. Nun contexto en que é obrigado respectar a autonomía de cada administración, a transparencia e a información son as principais ferramentas para disciplinar as decisións dos xestores da política económica, permitindo o control efectivo dos axentes económicos no seu ámbito de actuación e o control democrático dos cidadáns a través do proceso político.

Neste sentido, coa presente reforma mellóranse e explicitáanse as obrigas relativas á circulación de información entre os distintos axentes territoriais, directamente e a través do Consello de Política Fiscal e Financeira, así como o acceso dos cidadáns á devandita información.

III

As leis vixentes aplican o principio de estabilidade con rixidez, independentemente da situación económica, de modo que non só se perde capacidade para combater o ciclo, senón que incluso se podían implementar políticas de carácter procíclico. Aínda que o equilibrio nas contas públicas é un elemento esencial dunha política económica sustentable no tempo, débese instrumentar adaptándoo á situación cíclica da economía para suavizar as súas oscilacións. Por iso se exixirá un superávit nas situacións en que a economía medra por riba do seu potencial, que se usará para compensar os déficits cando a economía está na situación contraria. En definitiva, trátase de adaptar a política orzamentaria ao ciclo económico co fin de suavizalo.

Non obstante, a determinación da posición cíclica da economía e as súas consecuencias sobre o signo da política orzamentaria sométese a unha regulación explícita e seguirá un procedemento transparente.

Por outra parte e cun límite agregado para o conxunto das administracións, autorizaranse os programas de investimentos que acrediten un impacto significativo sobre o aumento da produtividade. Os devanditos programas de investimento deberanse financiar nunha parte significativa, en ningún caso inferior ao 30%, con aforro bruto da administración correspondente e só en parte con endebedamento. O límite dos investimentos que poderán recibir este tratamento establécese nun 0,5% do produto interior bruto previsto para cada exercicio. Este criterio é independente do déficit cíclico que se acorde e dos déficits en que se puidese incurrir no período de aplicación dos plans económico-financeiros de reequilibrio, pero poderase limitar en función do volume e a evolución da débeda viva.

Artigo único. *Modificacións da Lei orgánica 5/2001, do 13 de decembro, complementaria da Lei xeral de estabilidade orzamentaria.*

Modifícanse os seguintes preceptos da Lei orgánica 5/2001, do 13 de decembro, complementaria da Lei xeral de estabilidade orzamentaria.

Un. Modifícase o artigo 3 da Lei orgánica 5/2001, do 13 de decembro, complementaria da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, que queda redactado nos seguintes termos:

Artigo 3. *Instrumentación do principio de estabilidade orzamentaria polas comunidades autónomas.*

1. A elaboración, aprobación e execución dos orzamentos das comunidades autónomas realízase con carácter xeral en equilibrio ou superávit, computado en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

Excepcionalmente e dentro do límite máximo do 0,75 por cento do produto interior bruto nacional para todas elas, as comunidades autónomas poderán presentar déficit naqueles exercicios para os que, sobre a base do informe previsto no número 2, do artigo 8, da Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria, se preveza un crecemento inferior á taxa de variación do produto interior bruto nacional real ao que se refire o artigo 7.3 da citada lei. Neste suposto, a comunidade autónoma que preveza incurrir en déficit deberá presentar ao Ministerio de Economía e Facenda unha memoria plurianual mostrando que a evolución prevista dos saldos orzamentarios, computados na forma establecida no parágrafo anterior deste punto, garante a estabilidade ao longo do ciclo.

Con independencia do obxectivo de estabilidade fixado para o conxunto do sector público e para cada un dos grupos de axentes comprendidos nel, de acordo co previsto no artigo 8 da Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria, así como do fixado individualmente para cada comunidade autónoma e, se é o caso, adicionalmente ao déficit fixado nos ditos obxectivos, con carácter excepcional poderán presentar déficit cando este se destine a financiar incrementos de investimento en programas destinados a atender actuacións produtivas, incluídas as destinadas a investigación, desenvolvemento e innovación. O importe do déficit derivado dos ditos programas non poderá superar o 0,25 por cento do produto interior bruto rexional en cómputo anual da respectiva comunidade autónoma.

Correspóndelle ao Ministerio de Economía e Facenda, a partir dos criterios xerais establecidos polo Consello de Política Fiscal e Financeira das comunidades autónomas e para producir os efectos previstos neste artigo, autorizar os programas de investimentos das comunidades autónomas, para o cal se terá en conta a contribución de tales proxectos á mellora da produtividade da economía e o nivel de endebedamento da comunidade autónoma. En calquera caso, o programa de investimento deberá ser financiado polo menos nun 30 por cento con aforro bruto da Administración proponente.

Dos referidos programas de investimento así como da súa autorización polo Ministerio de Economía e Facenda darase coñecemento ao Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas.

2. As comunidades autónomas adoptarán as medidas legislativas e administrativas que consideren convenientes para adecualas á aplicación do principio de estabilidade orzamentaria.

3. Os gobernos central e autonómicos velarán pola aplicación do principio de estabilidade orzamentaria no ámbito do sector público, sen prexuízo das competencias do Consello de Política Fiscal das Comunidades Autónomas.

Dous. Modifícase o artigo 4 da Lei orgánica 5/2001, do 13 de decembro, complementaria da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 4. *Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas.*

O Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas actuará como órgano de coordinación entre o Estado e as comunidades autónomas para dar cumprimento aos principios reitores desta lei orgánica. Tanto o Consello como as comunidades autónomas nel representadas deberán respectar, en todo caso, o obxectivo de estabilidade orzamentaria previsto no artigo 8 da Lei 18/2001, xeral de estabilidade orzamentaria.»

Tres. Modifícase o artigo 5 da Lei orgánica 5/2001, do 13 de decembro, complementaria da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 5. *Procedemento de fixación do obxectivo de estabilidade orzamentaria das comunidades autónomas.*

1. O acordo de fixación das taxas de variación do produto interior bruto nacional, que determine os límites de crecemento económico previstos no artigo 7.3 da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, será informado con carácter previo á súa adopción polo Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas, que emitirá o seu informe no prazo improrrogable dun mes desde a recepción da proposta na Secretaría Permanente do Consello.

2. O Ministerio de Economía e Facenda, antes de elaborar a proposta de obxectivo de estabilidade orzamentaria para o conxunto das comunidades autónomas, previsto no artigo 8.1 da Lei 18/2001, xeral de estabilidade orzamentaria, abrirá un período de consultas con cada unha das comunidades autónomas, por un prazo común de quince días, transcorrido o cal formulará a proposta de obxectivo de estabilidade orzamentaria para o conxunto delas, que se someterá a informe previo do Consello de

Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas, antes da súa aprobación polo Goberno.

O Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas disporá, como máximo, de quince días para a emisión do informe previo ao acordo a que se refire o parágrafo anterior. O dito prazo contarase a partir da recepción da proposta de acordo na Secretaría Permanente do Consello.

3. Aprobado polo Goberno o obxectivo de estabilidade orzamentaria nas condicións establecidas no artigo 8.1 da Lei 18/2001, xeral de estabilidade orzamentaria, o Ministerio de Economía e Facenda e os representantes de cada Comunidade Autónoma no Consello de Política Fiscal e Financeira negociarán bilateralmente o obxectivo de estabilidade orzamentaria correspondente a cada unha das comunidades autónomas, podendo ter en conta, entre outros, a situación económica, o nivel de competencias asumido, o nivel de endebedamento, así como as necesidades ou o déficit de infraestruturas ou equipamentos necesarios. O proceso de negociación levarase a cabo no prazo común dun mes contado desde a aprobación polo Goberno do obxectivo de estabilidade orzamentaria a que se refire o artigo 8.1 da Lei xeral de estabilidade orzamentaria.

O obxectivo individual exprésase nunha porcentaxe sobre o produto interior bruto rexional de cada comunidade autónoma, deberá ser compatible co obxectivo individual das demais comunidades autónomas e co conxunto fixado para todas elas.

De non chegarse a un acordo co procedemento sinalado anteriormente, o Ministerio de Economía e Facenda determinará o obxectivo de estabilidade aplicable á comunidade ou comunidades autónomas correspondentes. Neste caso, para a fixación do obxectivo terase en conta o esforzo fiscal diferencial derivado do exercicio pola comunidade autónoma da súa capacidade normativa.

4. Unha vez convidados ou determinados os obxectivos de estabilidade orzamentaria para todas e cada unha das comunidades autónomas por algún dos procedementos a que se refire o punto anterior, o Goberno da Nación, logo de informe do Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas, que se deberá pronunciar no prazo improrrogable de quince días, establecerá os obxectivos de estabilidade orzamentaria para todas e cada unha das comunidades autónomas.»

Catro. Modifícase o artigo 6 da Lei orgánica 5/2001, do 13 de decembro, complementaria da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 6. *Subministración de información.*

1. Para a aplicación efectiva do principio de transparencia e dos demais principios establecidos na lei, o Ministerio de Economía e Facenda solicitará das comunidades autónomas a información necesaria para os efectos indicados no artigo 5 da Lei 18/2001, xeral de estabilidade orzamentaria.

A concreción e procedemento da información que se subministrará serán obxecto de desenvolvemento por orde do ministro de Economía e Facenda, logo de informe do Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas. A citada orde establecerá, así mesmo, o prazo de remisión da información, que non excederá dun mes contado desde a finalización do correspondente período temporal fixado para as remisións periódicas, e desde o feito que determine a variación de datos

respecto da información anteriormente enviada para as remisións non periódicas.

A información subministrada conterá, como mínimo, os seguintes extremos en función do período considerado:

a) Información trimestral: liquidación do orzamento de ingresos e gastos, ou, se é o caso, balance e conta de resultados dos suxeitos comprendidos no artigo 2.1.c) da Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria.

b) Información anual:

1. Orzamento xeral ou estados financeiros iniciais de cada unha das entidades dos suxeitos comprendidos no artigo 2.1.c) da Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria.

2. Liquidación do orzamento de ingresos e gastos dos suxeitos comprendidos no artigo 2.1.c) da Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria.

3. Clasificación funcional do gasto.

4. Obrigas recoñecidas fronte a terceiros, vencidas, líquidas, exixibles e non satisfeitas, non imputadas ao orzamento.

5. Avais outorgados.

6. Estado de contas de tesouraría.

7. Estado da débeda.

8. Detalle das operacións sobre activos financeiros efectuadas polos suxeitos comprendidos no artigo 2.1.c) da Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria, con especial referencia ás achegas financeiras a sociedades mercantís e entidades públicas.

9. Contas anuais dos suxeitos comprendidos nos puntos 1.c) e 2 do artigo 2 da Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria, que estean sometidos ao Plan Xeral de Contabilidade da Empresa Privada.

c) Información non periódica: detalle de todas as unidades dependentes da comunidade autónoma incluídas no ámbito de aplicación da Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria, necesario para a formación e mantemento dun inventario actualizado polo Ministerio de Economía e Facenda.»

Cinco. Modifícase o artigo 7 da Lei orgánica 5/2001, do 13 de decembro, complementaria da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 7. *Consecuencias derivadas do incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.*

1. En caso de apreciar un risco de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, o Goberno da Nación poderá formular unha advertencia á comunidade autónoma responsable. Formulada a dita advertencia, o Goberno dará conta desta ao Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas.

2. O incumprimento do obxectivo de estabilidade que consista nun maior déficit do fixado requirirá a formulación dun plan económico-financieiro de reequilibrio a un prazo máximo de tres anos, co contido e alcance previstos nesta lei orgánica.

Para valorar o grao de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria dos suxeitos com-

prendidos no ámbito de aplicación do artigo 2.1.c) da Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria, teranse en conta a evolución real da economía no exercicio orzamentario con relación á previsión inicial contida no informe a que se refire o artigo 8.2 da Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria.

Atendendo ás circunstancias recollidas no parágrafo anterior o Goberno poderá propoñer ao Consello de Política Fiscal e Financeira das comunidades autónomas a non-aplicación a determinadas comunidades autónomas da existencia de presentar o plan de reequilibrio a que se refire o artigo 8 desta lei.

O incumprimento do obxectivo de estabilidade que consista nun menor superávit do fixado obrigará á presentación dun informe ao Consello de Política Fiscal e Financeira das comunidades autónomas en que se xustifique o mantemento do equilibrio ao longo do ciclo económico.

3. O incumprimento do obxectivo de estabilidade terase en conta na autorización de operacións de crédito e emisións de débeda das comunidades autónomas nos termos previstos nos artigos 9 desta Lei orgánica, do 13 de decembro, e 14 da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas.

4. As comunidades autónomas que, incumprindo as obrigas contidas nesta lei orgánica ou os acordos que, na súa execución, fosen adoptados polo Ministerio de Economía e Facenda ou polo Consello de Política Fiscal e Financeira das comunidades autónomas, provoquen ou contribúan a producir o incumprimento das obrigas asumidas por España fronte á Unión Europea como consecuencia do Pacto de estabilidade e crecemento, asumirán na parte que lles sexa imputable as responsabilidades que de tal incumprimento derivasen.

No proceso de asunción de responsabilidade financeira a que se refire o parágrafo anterior garantirase, en todo caso, a audiencia da comunidade autónoma afectada.»

Seis. Modifícase o artigo 8 da Lei orgánica 5/2001, do 13 de decembro, complementaria da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 8. *Plans económico-financeiros de reequilibrio.*

1. As comunidades autónomas que aprobasen os seus orzamentos incumprindo o obxectivo de estabilidade cun maior déficit do fixado virán obrigadas a elaborar un plan económico-financeiro de reequilibrio.

O plan económico-financeiro a que se refire este artigo e o artigo 7.2 desta lei conterá a definición das políticas de ingresos e de gastos que deberá aplicar a comunidade autónoma para corrixir a situación de incumprimento do obxectivo de estabilidade no prazo máximo dos tres exercicios orzamentarios seguintes.

Non obstante, cando o Goberno da Nación, atendendo ás circunstancias a que se refire o parágrafo segundo do artigo 7.2 desta lei, o propoña, o Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas poderá eximir da obriga de presentar o plan económico-financeiro.

2. O plan económico-financeiro de reequilibrio remitirase ao Consello de Política Fiscal e Financeira

das comunidades autónomas no prazo dun mes desde a aprobación ou liquidación dos orzamentos da comunidade autónoma que incorra nos supostos previstos no número 1 deste artigo e no artigo 7.2 desta lei. Para estes efectos, no caso de orzamento liquidado, o prazo dun mes comezará a contarse desde a celebración do Consello de Política Fiscal e Financeira a que se refire o artigo 9.2 da Lei 18/2001, xeral de estabilidade orzamentaria.

3. O Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas comprobará a idoneidade das medidas contidas no plan a que se refiren os puntos anteriores, e a adecuación das súas previsións ao obxectivo de estabilidade que se fixase para as comunidades autónomas.

4. Se o Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas considerase que as medidas contidas no plan presentado non garanten a corrección da situación de desequilibrio, o Consello, a través da súa Secretaría Permanente, requirirá á Comunidade Autónoma a presentación dun novo plan, no prazo dun mes.

5. O Ministerio de Economía e Facenda será o órgano responsable do seguimento e recepción da xustificación das actuacións encamiñadas á corrección do desequilibrio, para o cal solicitará ás comunidades autónomas a información que precise. Así mesmo, a comunidade autónoma deberá remitir ao Consello de Política Fiscal e Financeira anualmente, antes da fin do primeiro semestre, un informe sobre o seguimento e cumprimento do plan económico-financeiro.

6. Cando concorran condicións económicas diferentes ás previstas no momento da aprobación do plan económico-financeiro, a comunidade autónoma poderá remitir ao Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas un plan rectificativo do plan inicial, que se tramitará de acordo co procedemento previsto neste artigo.»

Sete. Modifícase o artigo 9 da Lei orgánica 5/2001, do 13 de decembro, complementaria da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 9. *Autorización de operacións de crédito e emisión de débeda.*

A autorización do Estado ás comunidades autónomas para realizar operacións de crédito e emisións de débeda, en cumprimento do establecido no artigo 14.3 da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, terá en conta o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria fixados en cada caso, así como o resto das obrigas establecidas nesta lei orgánica.

Nos supostos de incumprimento do obxectivo de estabilidade que consista nun maior déficit do fixado, todas as operacións de endebedamento da comunidade autónoma precisarán de autorización do Estado. Non obstante, se a comunidade autónoma presentase o plan económico-financeiro a que se refire o artigo 7 desta Lei orgánica ao Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas e as medidas contidas nel fosen declaradas idóneas polo dito consello, non precisarán de autorización do Estado as operacións de crédito a curto prazo que non sexan consideradas financiamento exterior.»

Oito. Modifícase o artigo 10 da Lei orgánica 5/2001, do 13 de decembro, complementaria da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 10. *Central de información.*

1. O Ministerio de Economía e Facenda manterá unha central de información, de carácter público, que provexa de información sobre as operacións de crédito, a emisión de débeda ou calquera outra apelación de crédito ou asunción de riscos e as cargas financeiras delas derivadas, concertadas pola Administración das comunidades autónomas e demais suxeitos dela dependentes, a que se fai referencia no artigo 2.1.c) e 2.2 da Lei 18/2001, xeral de estabilidade orzamentaria.

Así mesmo, a central de información proverá de información sobre a subministrada polas comunidades autónomas de acordo co establecido no artigo 6 desta lei.

2. Para estes efectos, os bancos, caixas de aforros e demais entidades financeiras, así como as distintas administracións públicas, remitirán os datos necesarios, na forma que se determine regulamentariamente.

3. O Banco de España colaborará cos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda mediante a subministración da información que reciba relacionada coas operacións de crédito das comunidades autónomas.

4. Con independencia do anterior, os órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda poderán requirir ao Banco de España a obtención doutros datos concretos relativos ao endebedamento das comunidades autónomas nos termos que se fixen regulamentariamente.

5. A información existente na central a que se refire este artigo estará á disposición do Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas, que, mediante acordo, determinará a forma e periodicidade en que a Secretaría do Consello deba publicar para xeral coñecemento a información existente na central.»

Novo. Modifícase o artigo 11 da Lei orgánica 5/2001, do 13 de decembro, complementaria da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 11. *Réxime aplicable aos entes de dereito público comprendidos no artigo 2.2 da Lei 18/2001, xeral de estabilidade orzamentaria.*

As comunidades autónomas serán competentes para adoptar as medidas necesarias que garantan a aplicación do principio de estabilidade orzamentaria tal como se define no artigo 3.3 da Lei 18/2001, xeral de estabilidade orzamentaria, corrixindo as situacións de desequilibrio que se puidesen producir respecto dos suxeitos enumerados no artigo 2.2 daquela lei.

Sen prexuízo do anterior, o Ministerio de Economía e Facenda poderá solicitar das comunidades autónomas información relativa á programación financeira a medio e longo prazo dos ingresos e gastos, así como dos plans de investimento e endebedamento previstos, todo isto referido aos entes de dereito público comprendidos no artigo 2.2 da Lei 18/2001, xeral de estabilidade orzamentaria, que delas dependan.»

Disposición adicional. *Non asunción polo Estado de obrigas contraídas polas comunidades autónomas.*

O Estado non asumirá nin responderá dos compromisos das comunidades autónomas e dos entes vinculados ou dependentes delas, sen prexuízo das garantías financeiras mutuas para a realización conxunta de proxectos específicos.

Disposición transitoria. *Do réxime dos plans de saneamento aprobados antes da entrada en vigor da lei.*

Un. Os plans económico-financeiros de saneamento das comunidades autónomas ou entidade local do artigo 19.1 a Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria, aprobados con anterioridade á entrada en vigor desta lei continuarán transitoriamente en vigor polo prazo inicial para o cal foron aprobados.

Neste caso, as comunidades autónomas poderán presentar déficit nos exercicios para os cales, en razón da situación do ciclo económico, así se prevexa ou cando este se destine a financiar incrementos de investimento en programas destinados a atender actuacións produtivas, nos termos establecidos para o efecto nos artigos 7 e 8 da Lei xeral de estabilidade orzamentaria e 3 da Lei orgánica 5/2001, do 13 de decembro, complementaria daquela, sendo os déficits autorizados ao abeiro dos ditos preceptos adicionais aos previstos nos plans de saneamento que continúen en vigor.

Dous. O seguimento do cumprimento e execución dos plans económico-financeiros de saneamento a que se refire o punto anterior levarase a cabo en función da base de entidades que constitúan e seu sector administracións públicas no momento en que foron aprobados.

Disposición derogatoria. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ao disposto na presente lei.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento normativo da lei.*

1. Facúltase o Goberno, no ámbito das súas competencias, para ditar cantas disposicións regulamentarias sexan necesarias para o desenvolvemento da presente lei, así como para acordar as medidas necesarias para garantir a efectiva implantación dos principios establecidos nesta lei.

2. Para facer efectivo o cumprimento do principio de transparencia, mediante orde do ministro de Economía e Facenda, logo de informe do Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas no que a estas afecte, determinaranse os datos e documentos obxecto de publicación periódica para coñecemento xeral, os prazos para a súa publicación, e o modo en que aqueles se deban de publicar.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor da lei.*

Esta lei entrará en vigor o 1 de xaneiro do ano seguinte ao da data da súa publicación no Boletín Oficial del Estado e será aplicable aos orzamentos cuxa elaboración se deba iniciar a partir desa data.

Non obstante, as modificacións introducidas por esta lei no artigo 3 da Lei orgánica 5/2001, do 13 de decembro, complementaria da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, que permiten, con carácter excepcional, ás comunidades autónomas presentar déficit cando este se destine a financiar incrementos de investimento en programas des-

tinados a atender actuacións produtivas, serán de aplicación desde a entrada en vigor desta lei.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 26 de maio de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

9290 *LEI ORGÁNICA 4/2006, do 26 de maio, de modificación da Lei orgánica 3/1984, do 26 de marzo, reguladora da iniciativa lexislativa popular. («BOE» 126, do 27-5-2006.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

Artigo único.

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei orgánica 3/1984, do 26 de marzo, reguladora da iniciativa lexislativa popular.

Primeira. Dáse unha redación completa do preámbulo co seguinte teor:

«A Constitución conforma o réxime político español como unha monarquía parlamentaria e, por conseguinte, como unha democracia representativa. A participación popular no goberno do Estado e na xestión da cousa pública encamiñase basicamente, por tanto, a través da elección de representantes populares nos órganos de goberno, que alcanza a súa máxima expresión nas eleccións lexislativas, nas cales o pobo designa os seus representantes nas Cortes Xerais.

Isto non é óbice para que, seguindo a tendencia dos máis modernos estados democráticos, a Constitución se propoña, como se sinala no número 2 do artigo 9, intensificar a participación dos cidadáns e dos grupos na vida pública. A norma fundamental articula, para iso, varias formas de participación directa dos cidadáns, como son, por exemplo, a participación pública ou na xestión dos centros docentes sostidos con fondos públicos.

Nesta mesma liña, a Constitución prevé, tamén, a participación directa dos cidadáns no proceso de produción normativa, configurando o pobo, mediante a presentación de 500.000 sinaturas, como suxeito da iniciativa lexislativa. Este recoñecemento constitucional da iniciativa lexislativa popular permite, dun lado, instrumentar a directa participación do titular da soberanía na tarefa de elaboración das normas que rexen a vida dos cidadáns, e posibilita, doutra parte, a apertura de vías para propoñerlle ao poder lexislativo a aprobación de normas cuxa necesidade é amplamente sentida polo electorado, pero que, non obstante, non encontran eco nas formacións políticas con representación parlamentaria.

A regulación constitucional da iniciativa lexislativa popular recolle, así mesmo, as limitacións propias deste instituto, derivadas das ensinanzas históricas. De aí que a Constitución, ademais de excluír da iniciativa popular campos normativos particularmente delicados, lle encomende ao lexislativo a misión de regular, mediante lei orgánica, a forma concreta do exercicio da iniciativa popular.

A lei orgánica trata de recoller coa máxima fidelidade e sinxeleza o mandato constitucional, regulando o exercicio da iniciativa en forma tal que, respectando ao máximo o papel institucional dos partidos políticos como órganos de manifestación da vontade popular e instrumentos fundamentais da participación política, se canalice o exercicio da iniciativa coas máximas garantías. Así, quedan excluídas da iniciativa lexislativa popular non só as materias que o están expresamente por obra do artigo 87.3 da Constitución, senón tamén aquelas outras cuxa iniciativa reguladora reserva a norma fundamental a órganos concretos do Estado.

O tempo transcorrido e a experiencia acumulada desde a aprobación da Lei orgánica 3/1984, do 26 de marzo, fan aconsellables algunhas adecuacións da institución de participación popular para evitar requisitos innecesarios e incorporar melloras que faciliten o seu exercicio.

A posta en marcha do procedemento exige que a comisión promotora presente ante a Mesa da Cámara un texto articulado dotado de unidade substantiva precedido dunha exposición de motivos. Para evitar gastos e esforzos inútiles, a mesa realizará un exame de admisibilidade que, de ser negativo, poderá dar lugar a que a comisión promotora interpoña recurso de amparo ante o tribunal constitucional. Os parámetros de xuízo de admisibilidade, ademais dos xerais para todo proxecto ou proposición de lei, son os previstos no artigo 5.2, que exige a adecuación da iniciativa ás prescricións constitucionais, que non verse sobre cuestións manifestamente distintas carentes de homoxeneidade entre si e que non exista no Congreso dos Deputados ou o Senado un proxecto ou proposición de lei que verse sobre o mesmo obxecto da iniciativa lexislativa popular que estea no trámite de emenda ou outro máis avanzado ou que a iniciativa sexa reprodución doutra de contido igual ou substancialmente equivalente presentada durante a lexislatura.

Unha vez admitida a proposición, iníciase o procedemento de recollida de sinaturas, que se poderá realizar nos pregos tradicionais, que poderán ir en castelán ou, conxuntamente, con calquera das linguas cooficiais nos territorios do Estado; e tamén se poderán recoller as sinaturas por vía electrónica sempre que se garanta a vontade auténtica do cidadán que subscribe a iniciativa lexislativa popular.

O prazo para a recollida de sinaturas amplíase a nove meses prorrogable por outros tres cando conorra causa maior apreciada pola Mesa do Congreso. A garantía da regularidade do procedemento de recollida das sinaturas encoméndaselle á Xunta Electoral Central. Isto débese á relativa similitude entre o proceso electoral e o de recollida de sinaturas e cómputo destas, así como á infraestrutura, que abarca a totalidade do territorio español, de que dispón a Xunta Electoral Central. A inscrición do asinante no censo electoral, que debe demostrarse presentando certificación desta, obedece, igualmente, ás mesmas razóns que se dan no proceso electoral, como son, por exemplo, acreditar a capacidade do asinante e evitar unha eventual múltiplicación